



**ACTA DA REUNIÓN DO 30 DE DECEMBRO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL AO PARLAMENTO DE GALICIA.**

**PRESIDENTE:**

D. Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

**VOGAIS:**

D. José Manuel Balseiro Orol  
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. Concepción Burgo López  
Vicesecretaria da Mesa do Parlamento de Galicia

D<sup>a</sup>. María Aneiros González  
Letrada do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns  
Director da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

**SECRETARIO:**

D. Martín Nercellas Méndez  
Técnico de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 10,15 horas do día **30 de decembro de 2014**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de gas natural á Administración do Parlamento de Galicia.

**Orde do día:**

Punto único.- Constitución da Mesa de contratación e apertura e exame da documentación incluída nos sobres "A" (Capacidade para contratar e solvencia económica, financeira e técnica e profesional dos licitadores).

De seguido procedese a:

**PRIMEIRO.**- O Sr. Presidente declara constituída a Mesa.

A continuación, o Secretario achega a certificación do xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento de Galicia na que se fan constar as proposicións presentadas, que son as seguintes:

EMPRESA	registro núm.:
Gas Natural comercializadora, s.a.	31443
Endesa enerxía, s.a.u.	31484

**SEGUNDO.-** Seguidamente a Mesa de contratación procede ao estudo da documentación contida nos sobres A presentados polas empresas concorrentes.

Examinada a continuación toda a documentación incluída no sobre A da proposición presentada, a Mesa de Contratación comproba que **Endesa Energía, s.a.u.** presenta a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sexta dos pregos, polo tanto acorda admitila para continuar no procedemento de contratación.

Examinada toda a documentación incluída no sobre A da proposición presentada, a Mesa de Contratación comproba que **Gas Natural comercializadora, s.a.** non presenta a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sexta dos pregos, ao respecto de acreditar estar incluída no listado de empresas comercializadoras de gas natural da “Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia”.

Coa finalidade de que se poida proceder á súa subsanación, a Mesa de Contratación, ao abeiro do establecido no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, acorda concederlle un prazo de tres días hábiles para que a dita entidade aporte dita documentación.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 10,25 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data ao principio indicados.




Miguel Angel Santalices Vieira  
Presidente



Concepción Burgo López  
Vogal



José Manuel Balseiro Orol  
Vogal



María Aneiros Gonzalez  
Vogal



José María Ameijenda Cuns  
Vogal



Martín Nercellas Méndez  
Secretario